

CURRICULUM VITAE

Os datos que se achegan neste currículo son aqueles de entre a traxectoria profesional que teñen relación co contido deste POP de Xénero.

I. DATOS PERSOAIS

NOME: AMADA
APELIDOS: TRABA DÍAZ
CORREO ELECTRÓNICO: amadat@uvigo.es

II. SITUACIÓN PROFESIONAL ACTUAL

Profesora Asociada (T3-P6) da Universidade de Vigo desde 1.995. Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía.

- Actualmente imparto docencia nas seguintes materias: Socioloxía da Educación nos graos de Educación Primaria e de Educación Infantil na Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra.

Asemade imparto docencia no POP de Xénero da Universidade de Vigo no módulo de Políticas de Igualdade.

III. FORMACIÓN ACADÉMICA

Licenciada en Ciencias Políticas e Socioloxía pola Universidade Complutense de Madrid. 1981

Terceiro Ciclo (Suficiencia investigadora). Programa de Doutoramento: *Teoría e metodoloxía para a análise social*. Universidade da Coruña. 32 Créditos. 1997-1999.

- Dentro do programa realicei o curso titulado: *Xénero e socioloxía: os espazos de exclusión nas sociedades occidentais*. Profesoras responsables: Rosa Cobo Bedia e Ana de Miguel Álvarez.

IV. ACTIVIDADE PROFESIONAL DOCENTE

Docente da materia de Socioloxía da Educación nos graos de Educación Primaria e de Educación Infantil na Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra. UV. Dende o ano 1998 ata a actualidade.

Con anterioridade fun docente na UV da materia de Socioloxía da Empresa na F de C. Empresariais no Campus de Vigo, 1997 e da materia de Conflito Social e conduta desviada na F. de C da Educación no campus de Ourense. 1998.

Docente no curso para a obtención do CAP. Seminario de Teoría e Socioloxía da Educación en dous grupos no cursos académico 2000-2001, e impartido na Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra.

Docente nas dúas edicións do Master de Xénero da Universidade de Vigo. Nos módulos de Educación e no de Políticas de Igualdade. 2005-2006 e 2006-2007.

Docente no Master de Xénero da Universidade da Coruña. 2007.

Docente no POP de Xénero da Universidade de Vigo. 2007-2008. Módulo de Políticas de igualdade.

Docente no POP de Xénero da Universidade de Vigo. 2009-2010 Módulo de Políticas de igualdade .

V. PARTICIPACIÓN EN CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN

Responsable do equipo investigador contratado pola Concellería da Muller do Concello de Vigo para levar a cabo as tarefas de dirección e coordinación da investigación e a elaboración do posterior **Informe sociolóxico sobre a situación das mulleres de Vigo, así como a elaboración do I Plan de Igualdade das Mulleres de Vigo 1993-1997.** 1993-1994.

- Dentro deste proxecto levei a coordinación dun grupo de catro persoas: unha socióloga, unha psicóloga e unha traballadora social e unha mestra. Compilouse gran cantidade de datos e información dispersa que había naquel momento sobre a situación das mulleres en Vigo. Revisáronse fontes estatísticas dispersas e levouse a cabo un importante traballo cualitativo de entrevistas e consultas. Realizouse a primeira aproximación á situación das mulleres en Vigo nun momento no que practicamente se carecía de datos desagregados por sexo. Investigáronse aspectos relacionados ca calidade de vida e cos servizos, datos demográficos, educativos, culturais, laborais, etc. así como sobre a situación de mulleres en risco de exclusión ou pertencentes a colectivos específicos: presas, toxicómanas e vítimas da violencia de xénero. Realizouse un informe que foi publicado e elaborouse o documento de propostas que conformaron o I Plan de Igualdade do Concello e Vigo.

Corresponsable do equipo investigador contratado pola Concellería da Muller do Concello de Vigo por medio dun convenio coa Universidade de Vigo para levar a cabo a **Avaliación do I Plan para a Igualdade de Oportunidades e Trato das Mulleres de Vigo 1993-1997**.

- Formouse un grupo de investigación con persoas pertencentes ao Departamento de Socioloxía, Ciencias Políticas e da Administración e Filosofía, do que formaron parte as profesoras Luz Varela e Cristina Bruna ademais de eu mesma. Levouse a cabo a avaliación do I Plan de Igualdade das Mulleres de Vigo e o segundo informe de situación das mulleres de Vigo, así como as propostas para posteriores actuacións e o II Plan de Igualdade das Mulleres de Vigo (1998 e 1999).

Corresponsable do equipo técnico e investigador contratado pola Concellería da Muller do Concello de Vigo por medio dun convenio coa Universidade de Vigo para levar a cabo a **Elaboración dos estudos previos e proposta de intervención para o II Plan de Igualdade de Oportunidades e Trato das Mulleres de Vigo**. 2001.

- Xunto coa profesora Luz Varela realizouse a recollida de datos secundarios desagregados por sexo pertencentes a diferentes fontes estatísticas, asemade fíxose un importante traballo de investigación cualitativa e finalmente elaborouse a proposta de intervención para o II plan de igualdade.

Codirectora e investigadora contratada pola Concellaría da Muller do Concello de Redondela para a realización de todos os traballos precisos para o **deseño das accións políticas de igualdade** no ámbito municipal.

- Levouse a cabo a avaliación do primeiro plan, elaborouse un informe de diagnose da situación das mulleres de Redondela e deseñouse a proposta de acción do II Plan de igualdade entre mulleres e homes do Concello de Redondela. 2006. No ano 2007 O II Plan igualdade entre mulleres e homes do Concello de Redondela recibiu o Premio "Carmen Ferro" da Excelentísima Deputación de Pontevedra.

Investigadora no proxecto EQUAL *Conta con Elas* para realizar o **seguimento e a avaliación da incorporación da perspectiva de xénero ao proxecto**. Asemade formei parte do Comité Técnico en representación da Universidade de Vigo, entidade socia da AD.

- Realizouse o seguimento de todas as accións do proxecto e a avaliación da incorporación da perspectiva de xénero ao mesmo. O resultado deste traballo plasouse en dous informes, un intermedio e outro final. Asemade realizouse I informe de Avaliación da

implantación e funcionamento dos 6 BANCOS DO TEMPO promovidos polo Proxecto na cidade de Vigo. 2005-2007.

Investigadora contratada pola Universidade de Vigo para a realización da **diagnose da igualdade na Universidade de Vigo**. 2009.

- Informe entregado pero en fase de publicación. Neste informe faise un percorrido moi amplo e en profundidade sobre a situación do alumnado, do PDI e do PAS, a cultura da igualdade na UVigo e as posibilidades de intervención.

VI. PROYECTOS DE INVESTIGACIÓN

Investigadora no proxecto de investigación da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas. **Expectativas e aspiracións educativas e profesionais das mulleres na Universidade de Vigo. Barreiras que as obstaculizan.** dirixido pola profesora da Universidade de Vigo Pilar Allegue. 2002.

- Levouse a cabo unha investigación baseada en datos secundarios, nomeadamente educativos, das mulleres galegas referidas aos seguintes tramos educativos: ESO; Bacharel e Universidade. Por outra parte levouse a cabo unha investigación cualitativa baseada en entrevistas en profundidade a unha mostra significativa de docentes da Universidade viguesa dos tres campus, de diferentes ramas académicas, e con diferentes idades e carreiras docentes así como diferenciando a súa implicación na xestión da institución da que forman parte.

Investigadora no proxecto de investigación da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas. **As actividades laborais e empresariais das mulleres no contexto das problemáticas do desenvolvemento local: unha aproximación desde o xénero e o territorio.** Proxecto dirixido polo profesor da Universidade de Vigo Manuel Gonzalez. 2005.

- Dentro deste proxecto levouse a cabo unha investigación baseada en datos secundarios, nomeadamente referidos ao emprego nas zonas rurais en series periódicas temporais, así como unha extensa parte de análise cualitativa baseada en entrevistas, grupos de discusión e estudos de caso de proxectos empresariais emprendidos por mulleres no ámbito rural no sur de Galicia. Neles analizáronse especialmente os aspectos referidos á construción de xénero, á traxectoria vital, ao proxecto empresarial e á conciliación.

Participante no **Proxecto de Adaptación ao EEES** da titulación de Educación Infantil. ACSUG Universidade de Vigo. 2005

VII. PUBLICACIONES

Traba Díaz, Amada, coord. *Informe sociolóxico sobre as mulleres de Vigo*. Concellería da Muller do Concello de Vigo. 1994.

Traba Díaz, Amada, *Género y territorio en el ayuntamiento de Vigo en Género y espacio en la vida de las mujeres*. Número monográfico da revista del Instituto de la Mujer dedicado ao seminario do mesmo título celebrado pola UIMP en Santander. 1995.

Bruna, C., Traba, A. e Varela, L. *As mulleres de Vigo hoxe. Avaliación do Primeiro Plan de Igualdade das mulleres de Vigo*. Concellería da Muller do Concello de Vigo. Déposito legal: VG-507-1999.

Varela, L, Traba, A.: *II Plan municipal para a igualdade de oportunidades e de trato das mulleres de Vigo 2003-2004*. Concellería da Muller do Concello de Vigo. ISBN: 668-1407-5.

Benxamín Porto, Amada Traba, Abraham Domínguez. *Estereotipos de género y demandas educativas universitarias relacionadas con el deporte en Deporte y postmodernidad*. Investigación Social y Deporte nº 6. Madrid. 2003. ISBN:84-85977-89-0.

Adaptación de Materias ao Crédito Europeo na Titulación de Educación Infantil de Pontevedra. II fase do proxecto ACSUG. ISBN: 978-84-611-8198-8.

Varela, L, Traba, A.: *II Plan municipal de igualdade das mulleres de Redondela 2006-2009*. Concellería da Muller do Concello de Redondela. 2007. ISBN: 13:978-84-690-4864-1.

As políticas de igualdade nos concellos en *A Socioloxía e os novos retos*. Universidade da Coruña. A Coruña. 2007. U da Coruña. Actas do IV Congreso Astur-Galaico de Socioloxía. ISBN: 978-84-9749-245-4.

Aproximación a la realidad de las mujeres emprendedoras del sur de Galicia. Representaciones, trayectorias y estrategias. IX Congreso Español de Sociología. Poder, cultura y civilización. Barcelona. 2007.

Informe de avaliación da integración da perspectiva de xénero no Proxecto Equal "Conta con elas". Mancomunidade Área intermunicipal de Vigo. 2007

Informe de avaliación dos "Bancos do tempo" do Proxecto "Conta con elas". Mancomunidade Área intermunicipal de Vigo. 2007

"Feminismo e sociedade laica" en *Por umha sociedade laica. Polo noso direito a decidir*. MNG Mulleres Nacionalistas Galegas, Vigo 2008.

"Estas pola solución?" Proposta de recursos didácticos para a abordaxe da violencia de xénero no ámbito sanitario. Vicepresidencia da Igualdade, Xunta de Galicia, 2008. Traballo realizado para a Secretaría Xeral de Igualdade, en colaboración con outra docentes e con profesionais da sanidade.

http://igualdadegaliza.org/mediateca/igualdade/Area_para_o_Tratamento_da_Violencia_de_Xenero/Guias_formativas/violencia_sanidade_cd.pdf

- Son materiais que pretenden poñer as bases para comezar a remexer nos nosos medos e prexuízos, a remexer nos piares sobre os que temos construído as nosas vidas, a pensar que o que damos por suposto e non cuestionamos forma parte dun sistema de poder que impide á metade das persoas ser realmente libres e iguais, respectadas e recoñecidas.

A representación feminina na fotografía de Pacheco. Limiar da exposición de Pacheco na Casa das Artes de Vigo. 2009. (En imprenta).

- Trátase dun artigo onde se fai unha análise da imaxe da muller na fotografía a través do caso concreto do fotógrafo Pacheco.

VIII. CONTRIBUCIÓNS A CONGRESOS E XORNADAS

Comunicación: **A participación política das mulleres de Vigo.** Mulleres e participación política, *Primeiras xornadas sobre a muller.* Organizadas polo Concello de Vigo e a FEMP. Vigo, 1988.

Relatorio: **As vogalías da muller no asociacionismo veciñal. Análise da experiencia de Vigo.** Xornadas das mulleres do movemento veciñal de Vigo, *A cidade das mulleres*, organizadas pola Concellaría da Muller do Concello de Vigo e as vogalías da muller da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao". Vigo, 1994.

Comunicación: **Género y territorio en el ayuntamiento de Vigo.** Seminario, *Tiempo y espacio en la vida de las mujeres.* Instituto de la Mujer y la UIMP. Santander 1995.

Comunicación: **Políticas de igualdade e plans de igualdade.** Presentado no grupo de Socioloxía do Xénero do VI Congreso Español de Socioloxía, organizado pola FES. A Coruña, 1998.

Comunicación: **O primeiro plan de igualdade de oportunidades do Concello de Vigo: análise de resultados respecto do obxectivo de incrementar a participación das mulleres.** Dentro de las *II Xornadas de actores sociais e factores de cambio: espazos e políticas sociais.* Universidade de Vigo. Ourense, 1999.

Comunicación: **As políticas de igualdade desde o ámbito local: o reto da paridade. Construír un reparto igualitario de responsabilidades e vindicar unha nova solidariedade entre os sexos.** *I Xornadas das mulleres de Mugardos.* Mugardos 2001.

Comunicación: **Estereotipos de xénero e demandas educativas universitarias relacionadas co deporte.** III Congreso Astur-Galaico de Socioloxía. Gijón, 2003.

Relatorio: **Educación nos afectos, frear a violencia.** XX Encuentros de Educación para a Paz *O dilema, emoción e cognición nas aulas* organizados polo Seminario Galego de Educación para a Paz. Santiago de Compostela, 2005.

Relatorio: **Feminismo e sociedade laica.** Xornadas sobre Feminismo organizadas por Mulleres Nacionalistas Galegas. Vigo, 2005.

Relatorio: **Educación afectivo-sexual: a perspectiva de xénero.** Xornadas sobre *Coeducación* organizadas polo CEFORE da Coruña. 2005.

Comunicación: **Las políticas públicas para la igualdad entre hombres y mujeres.** Congreso Virtual en Igualdad de Oportunidades entre Hombres y Mujeres. Fundación Emprender. Enmarcado en la iniciativa Equal SAVIA FEMENINA. 2005.

Relatorio: **A perspectiva de xénero e a educación sentimental como estratexia de prevención da violencia.** Xornadas organizadas polo CEFORE da Coruña baixo o título: *Violencia no contexto escolar, prevención da violencia de xénero e promoción das relacións de paz.* A coruña, 2006.

Relatorio: **Educamos para a igualdade: a responsabilidade da familia e da escola na socialización temperá.** Desenvolvidas nos concellos do Ferrol, Moaña e Lalín co gallo da celebración das xornadas do 8 de marzo. 2006.

Comunicación: **As políticas de igualdade nos concellos,** presentada no IV Congreso Astur-Galaico de Socioloxía. A Coruña 2007.

Comunicación: **Aproximación a la realidad de las mujeres emprendedoras del Sur de Galicia. Representaciones, trayectorias y estrategias.** IX Congreso Español de Sociología. Poder, cultura y civilización. Barcelona 2007.

Relatorio: **Avaliación das políticas públicas de igualdade.** II xornadas sobre administración pública e xénero: a xestión da igualdade no ámbito autonómico e local. Escola Galega de Administración Pública. Bergondo. 2007.

Relatorio: **A prevención da violencia de xénero no ámbito educativo: posibilidades e realidade.** Intervención nunha mesa redonda no 1º Congreso Internacional sobre Violencia de Xénero. Santiago de Compostela. 2007.

Xornada formativa: **Abordaxe integral da violencia de xénero dende o ámbito local.** "A prevención e actuación ante a violencia de xénero no ámbito sanitario" Ribadeo 2009.

Relatorio: **A violencia no ámbito universitario e a violencia simbólica,** nas Xornadas formativas organizadas pola Área Igualdade da Universidade

de Vigo. A igualdade na universidade: amosar e previr o acoso e a violencia. Pontevedra decembro 2009.

IX. CURSOS IMPARTIDOS

As mulleres na sociedade actual. As mulleres en Vigo. Deseño e desenvolvemento dun curso financiado pola Concellería da Muller do Concello de Vigo. Dirixido ás mulleres do movemento asociativo cultural e veciñal de Vigo dentro do contexto da diagnose e da intervención do primeiro plan de igualdade. (1994).

Cambio cultural aplicado á mellora da civilidade. Curso impartido dentro dun programa de formación financiado pola FEMP denominado *O cambio cultural*. Este curso estaba destinado a persoas integradas nos movementos cidadás e asociativos dándolle especial importancia ao fomento da participación das persoas e grupos con menor visibilidade social, especificamente ás mulleres. 400 horas de docencia. (1994).

A familia: unha institución en proceso de cambio. Análise sociolóxica da familia con perspectiva de xénero. Impartida dentro do Curso de formación para mediadores familiares, organizado pola Consellaría de Familia, Emprego, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo. Pontevedra. Facultade de Ciencias da Educación, 2001.

Prevención da violencia de xénero e promoción das relacións de paz. CEFOR d'A Coruña. Marzo 2006.

Aplicación da Igualdade de Oportunidades a proxectos de formación e emprego. Curso de especialización na modalidade de formación a distancia. "Proqualitas". Proxecto COMPÁS, Iniciativa EQUAL do Fondo Social Europeo. Marzo 2004.